

Programación cultural *Oleiros*

outono
2013



**Concello de
Oleiros**

www.oleiros.org



Centro Cultural A FÁBRICA

Música, exposicións.
Rúa do Inglés, s/n. Perillo.



Centro Cultural AS TORRES

Obradoiro de olaría e teatro.
*Rúa Emilia Pardo Bazán, nº 17.
Santa Cruz / Liáns.*



Auditorio GABRIEL GARCÍA MÁRQUEZ

Teatro, música, danza.
*Rúa do Chelito, s/n.
Mera/Serantes.*



CASA CHARRY

Exposicións.
Praza de Galicia, s/n. Oleiros.

Exposición

Do 27 setembro
ao 13 outubro:
exposición do escultor
FRANCISCO ESCUDERO
no Castelo de Santa Cruz.



O Consorcio das Mariñas organiza esta exposición itinerante que recolle a experiencia creativa do escultor Francisco Escudero entre os anos 2002 e 2012. En Oleiros a sala de exposicións do Castelo de Santa Cruz acollerá unha importante selección de esculturas (realizadas en granito, mármore, madeira e bronce), debuxos e fotografías relacionadas coa súa obra. A exposición ten como obxectivo difundir de forma didáctica o proceso creativo, técnico e profesional do autor.

Entrada libre

SETEMBRO Música

Sábado 7 setembro às 21 horas.
FESTIVAL DE MÚSICA DIVERSONS 2013.
Auditorio Gabriel García Márquez, Mera.

O programa **DIVERSONS** da Obra Social “La Caixa” reúne a músicos e conxuntos que interpretan música de raíz ou de inspiración tradicional co obxectivo de fomentar a integración e a convivencia entre culturas.

diversons
Música para la integración
Obra Social “la Caixa”

Concertos de:



AZIZA BRAHIM, Blues do Sáhara

Os ventos do deserto achégannos unha insólita mestura de músicas de África occidental (Sahara, Senegal, Mauritania, Alxeria) con blues, rock, reggae e outros acentos caribenhos. Aziza Brahim, é unha cantante e percusionista nacida nos campamentos de refuxiados de

Tinduf (Alxeria) que en 2009 se converte na primeira música saharauí en acadar o número un internacional. Os seus poemas e melodías reivindicán a cultura e a memoria dun país oprimido.

Compoñentes:

Aziza Brahim, tabal e voces; **Badra Abdellahe**, coros e djembé; **Gonzalo Ordás**, guitarra eléctrica; **Javier Otero**, guitarra acústica; **Jesús Escribano**, baixo eléctrico; **Juan Vivas**, batería

Entrada libre ata completar a capacidade da sala.

SETEMBRO

Música

PRIMOGENITO, Brasileña

Primogénito é un grupo de Madrid, de recente creación, que practica música afrobrasileira usando instrumentos típicos do folclore rexional feitos en madeira e cordas. No seu

espectáculo recompilan músicas de todas as épocas, paseándose polo chorinho, a samba, os estilos do norte de Brasil (maracatú, frevo, afoxé, coco e forró), así como a música tradicional mineira da rexión central do país.



Compoñentes:

Luiz dos Odé, voz principal, guitarra e harmónica; **Jaby Sánchez**, guitarra eléctrica; **Rogerio de Souza**, percusión e voces; **Carlos Man**, batería e voces; **Jorge Jato**, baixo

Entrada libre ata completar a capacidade da sala.

SETEMBRO

IV Ciclo de teatro xuvenil

Sábado 14 de setembro ás 20:30 horas.
Auditorio Gabriel García Márquez, de Mera

O Grupo de Teatro Xuvenil **Pasapadentro**, presenta o seu espectáculo **“Tres brujas con muchos humos”**, baixo a dirección de **Marga Fernández**.



Sinopse: Na aldea de Mocolodones, a vida parece pasar con certa expectación e nerviosismo. Achégase o día do Congreso Anual de Bruxería e todas as habitantes intentan preparar as súas mellores especialidades.

Elenco: Marga Fernández, Antía del Río, Xiana del Río, Álvaro Romero

Xénero: teatro familiar

Duración: 50 minutos



Prezo: 2 euros. As entradas poñeranse á venda a partir das 19.30 horas, ata completar a capacidade da sala. Todos os públicos.

SETEMBRO

IV Ciclo de teatro xuvenil

Sábado 21 de setembro ás 20:30 horas.
Auditorio Gabriel García Márquez, de Mera

A compañía Teatro e Danza **El Ruiseñor**, presenta o seu espectáculo **"Agamenón"**, de Esquilo, coa adaptación e a dirección de **Susana Crespo**.



Sinopse: O Rei Agamenón volve triunfante á súa terra, logo de dez anos de guerra contra os troianos. A súa muller, Clitemnestra agarda con sede de vinganza por matar en sacrificio á súa filla Ifigenia antes de marchar á guerra. Unha obra que respira odio, resentimento e sede de vinganza sanguenta.

Elenco: Rocío Lema, Alejandro Docampo, Carolina López, Daniel García, Irene Álvarez, Aaron García, Andrés Silva e coro de anciáns e deusas

Xénero: teatro clásico, traxedia

Duración: 80 minutos



Prezo: 2,5 euros. As entradas poñeranse á venda a partir das 19.30 horas, ata completar a capacidade da sala. Maiores de 14 anos.

SETEMBRO

IV Ciclo de teatro xuvenil

Sábado 28 de setembro ás 20:30 horas.
Auditorio Gabriel García Márquez, de Mera

A compañía Teatro **Noite Bohemia**, presenta o seu espectáculo **"O Sorteo de Casina"**, de Plauto coa dirección de **Javier Fernández Mariño**.



Sinopse: Un vello libertino namórase de Casina, a amante do seu fillo. O vello intenta casala cun colono seu con quen estipulou certas condicións.

Elenco: Juan Luis Filgueiras, Marta García, Laura Pereira, Lía Liñares, Francisco Miguens, Ignacio Pena, Pedro Fernández, Almudena García, Alicia Pérez, Inés Mariño

Xénero: teatro clásico, comedia

Duración: 65 minutos

Prezo: 2 euros. As entradas poñeranse á venda a partir das 19.30 horas, ata completar a capacidade da sala. Maiores de 11 anos.

OUTUBRO Música

Xoves 3 de outubro ás 20.30 horas.
Auditorio do centro cultural A Fábrica, Perillo



FESTIVAL ALBÉNIZ

XXIV FESTIVAL INTERNACIONAL DE MÚSICA DE PULSO E PÚA

Concerto da agrupación **Mandolin Quartet Seasons**, de Sofía (Bulgaria)

Entrada libre ata completar a capacidade da sala.

OUTUBRO Teatro

Sábado 5 de outubro ás 20.30 horas.
Auditorio Gabriel García Márquez, de Mera



A compañía teatral **TETERELLA TEATRO**, presenta o seu espectáculo “**Un corazón perfecto**”, de Carmen Blanco, baixo a dirección de **Carmen Blanco**.



Sinopse: Xulián Muíños está a piques de vivir a noite máis intensa da súa vida. A deusa Fortuna vaille conceder a oportunidade de cumprir unha das súas máis ocultas fantasías. Pero todo se complica...

Elenco: Carmen Blanco, Mateo González, Abigail Montiel e Marián Rei

Xénero: comedia

Duración: 90 minutos

Prezo: 2,5 euros. As entradas poñeranse á venda a partir das 19.30 horas, ata completar a capacidade da sala. Maiores de 14 anos.

OUTUBRO Títeres

5 e 6 de outubro.

Auditorio do Centro Cultural A Fábrica, Perillo

FESTIVAL DE TÍTERES GALICREQUES 2013

O Concello de Oleiros acolle unha nova edición do **Festival de Títeres Galicreques** organizado polo Consorcio das Mariñas. Nesta nova edición, que será a IX, serán tres as representacións abertas ao público en xeral que farán as delicias dos máis cativos. Todas as representacións terán lugar no **auditorio do C.C. A Fábrica, de Perillo**.

SÁBADO 5 ás 12.00 horas



“Cenicienta en tiempos de Velázquez”

Sinopse: Espectáculo preciosista que conmove o público familiar. Para os máis pequenos, o ritmo e a sinxela e, á vez, coñecida trama, supoñen grandes emocións e diversión mentres que os maiores gozamos como

nenos da beleza plástica e do recordo dunha época que xa Velázquez plasmou con maxia: o tempo das Meninas.

Nome da compañía: La mar de marionetas. **Procedencia:** Madrid

Técnica: variñas e manipulación directa

Idioma: castelán. **Duración:** 60 minutos

Entrada libre ata completar a capacidade da sala. Idades recomendadas: a partir de 4 anos

OUTUBRO

Títeres

DOMINGO 6 ás 19.00 horas

“Auzokideak”



Sinopse: Os protagonistas son nenos e nenas que nos mostran a diversidade existente hoxe en día na nosa sociedade: diversidade funcional, diversidade de etnias... Viven no mesmo barrio. A súa felicidade pende dun fío. Cada un deles contaranos as súas aventuras.



Nome da compañía: Panta Rhei

Procedencia: Euskadi. **Técnica:** variante de bunraku

Idioma: castelán. **Duración:** 65 minutos

Entrada libre ata completar a capacidade da sala. Idades recomendadas: a partir de 6 anos

DOMINGO 6 ás 12.00 horas

Pendente de confirmar. (Informarémolos desta actuación coa debida antelación).

OUTUBRO Teatro

**Sábado 19 de outubro ás 20.30 horas.
Auditorio Gabriel García Márquez, de Mera**

A compañía teatral **Mofa e Befa**, presenta o seu espectáculo **“Cociña económica”**, de Mofa e Befa baixo a dirección de **Quico Cadaval**.



Sinopse: Sketch no que se recrea un estudio de televisión, onde se está a gravar un programa de cociña. Trátase de reproducir o esquema que se segue en tantos

programas nos que un cociñeiro de gran prestixio presenta á audiencia unha receita de execución simple e custo reducido. Neste programa Cociña Económica realízanse pratos de cociña internacional utilizando, exclusivamente, detritos extraídos de colectores, pois o lema do programa é: Todo se come. Nada se tira.

Elenco: Evaristo Calvo e Víctor Mosqueira

Xénero: comedia

Duración: 70 minutos

Prezo: 2,5 euros. As entradas poñeranse á venda a partir das 19.30 horas, ata completar a capacidade da sala. Maiores de 12 anos.

OUTUBRO Danza

**Sábado 26 de outubro ás 20.30 horas.
Auditorio Gabriel García Márquez, de Mera.**



A compañía **Nova Galega de Danza**, presenta o seu espectáculo **“10”**, baixo a dirección de **Jaime Pablo Díaz Rodríguez**.

Sinopse: Con este espectáculo, NGD celebra o seu décimo aniversario.



Elenco: Corpo de baile: Alba Vázquez, Enma Cabañas, Laura García-Vera, Lorena Ballesteros, Iván Villar, Jaime Pablo Díaz e Vicente Colomer. Músicos: Ton Risco, Miguel Queixas, Javier Cedrón, Ricardo Rozas, Suso Iglesias, Pedro Lamas e Xabier Díaz

Xénero: danza contemporánea

Duración: 80 minutos

Prezo: 5 euros. As entradas poñeranse á venda a partir das 19.30 horas, ata completar a capacidade da sala. Todos os públicos.

NOVEMBRO

Música jazz

Venres 8 de novembro ás 21.00 horas.
Auditorio do centro cultural A Fábrica, Perillo



Concerto: **MONKILLOS**

Monkillos nace no ano 2005, formado por Marcelino Galán (guitarra), Xacobe Martínez (contrabaixo) e Miguel Cabana (percusión), interpreta temas de Thelonious Monk, dándolle unha nova visión con certo toque de flamenco e son cubano.

Venres 15 de novembro ás 21.00 horas.
Auditorio do centro cultural A Fábrica, Perillo

Concerto:
**QUINITO
MOURELLE &
ROBERTO
SOMOZA**



O pianista, novelista e crítico de jazz Quinito Mourelle e o saxofonista Roberto Somoza únense para presentar temas do seu último disco.

Entrada libre ata completar a capacidade da sala.

NOVEMBRO Teatro

Sábado 16 de
novembro ás
20.30 horas.
Auditorio
Gabriel
García
Márquez,
de Mera



A compañía **Teatro Proscrito**, presenta o seu espectáculo “**Rosa de dous aromas**”, de Emilio Carballido, baixo a dirección de **Lino Braxe**.

Sinopse: Dúas mulleres reunidas na sala de espera dun cárcere comezan a relacionarse cando descubren que veñen a visitar ao mesmo home. Unha delas é a muller. A outra a amante.

Elenco: Isabel Blanco e Sabela Hermida

Xénero: comedia

Duración: 75 minutos

Prezo: 2,5 euros. As entradas poñeranse á venda a partir das 19.30 horas, ata completar a capacidade da sala. Maiores de 12 anos.

NOVEMBRO

Teatro

Sábado 23 de novembro ás 20.30 horas.
Auditorio Gabriel García Márquez, de Mera

A compañía teatral **Malasombra Produccións**, presenta o seu espectáculo **“Misión Sapiens”** (operación comedia), de Jose Luis Prieto, baixo a dirección de **Marcos Orsi**.



Sinopse: Un destacamento de sabios cunha misión por cumprir: desterrar a ignorancia da túa vida. O que non conseguiu a EXB, a FP, a LOE, a LOXSE, a ESO nin a OTAN, quizais o logren eles.

Elenco: Jouse García, Marcos Orsi, Luis Iglesia, Xabier Deive e Xoque Carbajal

Xénero: comedia. **Duración:** 80 minutos

Prezo: 3,5 euros. As entradas poñeranse á venda a partir das 19.30 horas, ata completar a capacidade da sala. Maiores de 12 anos.

Venres 29 de novembro.
Auditorio Gabriel García Márquez, de Mera

MOSTRA FINAL DO
OBRADOIRO MUNICIPAL DE
TEATRO DE ADULTOS

Entrada libre ata completar a capacidade da sala.

NOVEMBRO Teatro

Sábado 30 de novembro ás 20.30 horas.
Auditorio Gabriel García Márquez, de Mera

A compañía teatral **Grupo Chévere**, presenta o seu espectáculo **“Eurozone”**, baixo a dirección de **Xesús Ron**.



Sinopse: Eurozone é unha farsa teatral sobre a crise da zona euro, sobre o fin da idea de Europa tal e como a entendemos ata agora, sobre un sistema democrático deslexitimado que só conta coa cidadanía para ir a votar cada certo tempo.

Elenco: Miguel de Lira, Patricia de Lorenzo, Manuel Cortés, Mónica García, Arantza Villar, Iván Marcos, Borja Fernandez e Pepe Penabade

Xénero: teatro contemporáneo

Duración: 90 minutos

Prezo: 5 euros. As entradas poñeranse á venda a partir das 19.30 horas, ata completar a capacidade da sala. Maiores de 12 anos.



DECEMBRO Música

Domingo 22 de decembro ás 19.30 horas.

(Informarémolles do lugar da actuación
coa debida antelación).

CONCERTO DE NADAL DAS **CORAIS** **MUNICIPAIS**

Como todos os anos polo Nadal, o Departamento de Cultura organiza unha xuntanza para que participen todas as corais de Oleiros, co fin de intercambiar impresións e felicitarnos o Aninovo.

Entrada libre ata completar a capacidade da sala.

- Prégase puntualidade, por respecto aos artistas e ao resto do público. Non se permitirá o acceso ao patio de butacas unha vez iniciado o espectáculo.
- Non se permite comer nin beber dentro do patio de butacas.
- Os móbiles permanecerán apagados durante a duración do espectáculo.
- Non se permite fumar en ningún espazo do auditorio.
- Non se permite filmar, gravar ou sacar fotografías sen a correspondente autorización.

Moitas grazas.



Concello de Oleiros

Concellería de Cultura e
Normalización Lingüística



**REDE GALEGA
DE TEATROS
E AUDITORIOS**

AGADIC



Axencia Galega das
Industrias Culturais



**Deputación
DA CORUÑA**



Obra Social "la Caixa"

diverSions

Música para la integración
Obra Social "la Caixa"

**Consortio
As Mariñas**

